

AS ÁRBORES E O APARCADOIRO

Dende AER queremos mostrar o noso descontento pola talla dos plataneiros do aparcadoiro da alameda e pola forma en que foi levada a cabo.

Hai uns meses, co gallo do novo plan de tráfico, saíu á luz publica a intención do goberno local de cortar os plataneiros para mellorar o firme do aparcadoiro. Ese foi o primeiro motivo que deron para esta desfeita.

Máis tarde, despois de ir falar cos nosos gobernantes e posicionarnos en contra, tamén explicaron que coa talla mellorárase ese recinto para os diversos eventos que transcorren alí durante todo o ano, ademais de evitar problemas de alerxias.

Nós, sen ser expertos en xardinería e moito menos en alerxias, démoslles as nosas razóns pra evitar a talla.

1.- Aínda que corten os plataneiros do medio do aparcadoiro, deixan os das beiras, estes deben ser distintos e non provocan efectos na xente alérxica. Ademais, que pasa co pole dos piñeiros e outras árbores que nos rodean? Non provocan alerxias? Ou teñen pensado tallar todos os montes?

2.- Observando nese mesmo aparcadoiro os plataneiros situados ás beiras, estes non levantan o chan. Será porque están plantados en terra. Non funcionaría eliminar o asfalto ao redor das árbores para que se filtre mellor a humidade e as raíces non tendan a subir?

3.- Ata o de agora fixéronse nesa zona todo tipo de festexos sen que as árbores plantexaran un gran problema. Que cambiou?

4.- O famoso plan de tráfico carece de partida nos orzamentos. Con que cartos o van facer?. Non esquezamos que este foi o principal motivo para levar a cabo esta desfeita.

Ou sexa, que dialogar si pero atender a razóns ou buscar solucións alternativas non. Querían cortalos e cortáronse. Haberá algún motivo oculto máis poderoso para levar a cabo esta acción totalmente impopular, pois os motivos que deron non teñen peso ningún. Querarán privatizar o aparcadoiro para solucionar a falta de partida orzamentaria? Cada pau que aguante a súa vela.